

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9620 *Real decreto 728/2011, do 20 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e dos seus derivados nos establecementos de comercio ao retalho.*

As especiais características que distinguen o comercio retalista da carne, foron reguladas polo Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e os seus derivados nos establecementos de comercio ao retalho. Isto, unido ás particularidades das materias primas e produtos que manipulan, preparan, elaboran e comercializan estes profesionais, así como á súa posición entre os procesos produtivos e o seu posterior consumo, fai que estes establecementos adquiren unha singular responsabilidade na satisfacción das demandas do consumidor, especialmente no referente á calidade e á cantidade de servizos e produtos que exige en cada momento a dinámica do consumo.

A dita norma introduciu unha maior liberalización na actividade retalista de comercialización de produtos cárnicos, facultando os establecementos de venda ao retalho para ampliar a súa actividade, para determinados produtos e servizos para os que ata daquela non tiñan autorización. Esta maior oferta, sen prexuízo da necesaria protección da seguridade alimentaria, tratou de contribuír a unha maior competencia no mercado cos conseguíntes beneficios derivados para o consumidor e para os propios empresarios. Non obstante, mantivo unha serie de limitacións que se consideraban imprescindibles para garantir as condicións hixiénico-sanitarias adecuadas e o respecto ao marco normativo nacional e comunitario de referencia.

O Pleno do Senado, na súa sesión do día 11 de marzo de 2009, aprobou unha moción en que «insta o Ministerio de Sanidade e Consumo a solicitar a opinión das comunidades autónomas respecto da problemática que se presenta, co obxecto de lograr un consenso técnico e político que permita, tendo en conta o exposto, levar a cabo a modificación do artigo 4 do Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, a fin de flexibilizar a restrición que propón, no referido á subministración de produtos preparados cárnicos frescos por parte de establecementos retalistas a bares e restaurantes, e se adecue á normativa europea adoptada e publicada con posterioridade á aprobación do citado real decreto».

Tras a entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2006, do Regulamento (CE) n.º 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e coa experiencia adquirida, considérase que se debe manter a restrición que no seu día se estableceu nas subministracións aos establecementos de comidas preparadas situados en residencias, xeriátricos, hospitais, gardarías e colexios, nos cales encontramos os colectivos de maior risco como poden ser as persoas maiores, os enfermos e os nenos.

Dando resposta á moción aprobada polo Senado, e tras solicitar a opinión das comunidades autónomas, considerouse que non se comprometen os obxectivos dos regulamentos comunitarios citados se se modifican as restricións establecidas no seu día no sentido de non establecer unha limitación na subministración aos bares e restaurantes de preparados cárnicos frescos elaborados nos comercios retalistas da carne.

Na elaboración desta norma foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e de acordo co disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e os seus derivados nos establecementos de comercio ao retallo.*

O segundo parágrafo do artigo 4 do Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e os seus derivados nos establecementos de comercio ao retallo, substitúese polo seguinte:

«Os establecementos autorizados, conforme o indicado anteriormente, poderán subministrar os produtos establecidos neste real decreto a establecementos de comidas preparadas autorizados, sempre que:

1. O establecemento subministrador dispoña de instalacións e equipamentos adecuados e proporcionais para a elaboración hixiénica do seu volume de produción.

2. Se limite ás carnes definidas no número 1 do artigo 2 e aos derivados cárnicos definidos no número 3 do artigo 2, excepto os preparados cárnicos frescos definidos na alínea a).1.º do dito número. E, no caso de subministracións a bares e restaurantes, se limite ás carnes definidas no número 1 do artigo 2 e aos derivados cárnicos definidos no número 3 do artigo 2.

3. Non subministren a establecementos suxeitos a inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos.

4. A súa distribución se realice dentro do ámbito do municipio onde estea situado o establecemento ou ben na unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características e finalidade que defina a autoridade competente correspondente.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO